

## DÚBIDAS ORTOGRÁFICAS FRECUENTES

<b>Haber</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ infinitivo do verbo haber</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ten que haber unha solución.</li> </ul> <p><b>En moitas ocasións pódese substituír por <i>existir</i> ou mesmo por <i>hai</i> (Pode haber moita xente na festa → Hai moita xente na festa).</b></p>
<b>A ver</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ preposición a + infinitivo do verbo ver</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A ver se te portas mellor.</li> </ul> <p><b>É a forma que se usa cando a substitución anterior non é posible.</b></p>
<b>Conque</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ conxunción consecutiva</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Estou ben, conque non chores.</li> </ul> <p><b>Pode substituírse por <i>así que</i>.</b></p>
<b>Con que</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ preposición con + pronome relativo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Este é o argumento con (co) que se defendeu.</li> </ul> <p><b>Esta forma emprégase cando podemos introducir entre <i>con</i> e <i>que</i> o artigo determinado <i>o, a, os</i> ou <i>as</i>, que terá que concordar co substantivo que vai diante de <i>con</i>.</b></p>
<b>Con que</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ preposición con + interrogativo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Con que rapaz te encontraches?</li> </ul> <p><b>Sempre se emprega en oracións interrogativas directas ou indirectas.</b></p>
<b>Se non</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ conxunción condicional + negación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Se non vés, logo non te queixes.</li> </ul> <p><b>Establécese unha condición sen a que algo non pode producirse.</b></p>
<b>Senón</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ conxunción adversativa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Non son carballos, senón castiñeiros.</li> </ul> <p><b>Pode substituírse por <i>pero si</i>.</b></p>
<b>Porque</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ conxunción causal</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Non foi porque non quixo.</li> </ul> <p><b>Indica unha razón, unha causa.</b></p>
<b>Porqué</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ substantivo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Nunca souben o porqué da súa decisión.</li> </ul> <p><b>Esta forma funciona como un substantivo, por iso vai precedido do artigo determinado <i>o</i>.</b></p>
<b>Por que</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ preposición por + interrogativo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Por que non vides connosco?</li> </ul> <p><b>Sempre se emprega en oracións interrogativas directas ou indirectas.</b></p>

 **ACTIVIDADES.** REPASO POR QUE / PORQUÉ / PORQUE

 Escribe a forma que corresponda na liña de puntos:

1. .... non viñeches?
2. Non sei a resposta ..... non estudei.
3. Quere saber que fixo e .....
4. Descoñecían o ..... e as súas consecuencias.
5. Viñestes vernos ..... vos apetecía ou  
..... vos mandaron.
6. Nunca me explicaches o ..... das túas penas.
7. Non coñezo a razón ..... quixo operarse.
8. Quero saber ..... non me axudaches.

 **ACTIVIDADES.** REPASO A VER / HABER

 Escribe a forma que corresponda na liña de puntos:

1. Tería que ..... máis vacacións.
2. .... se calades!
3. Inténtao, ..... se o consigues.
4. Voume achegar á librería, ..... se teñen o libro.
5. Debe de ..... moita xente porque tardan moito.
6. Ao non ..... ningunha boa solución ao seu problema,  
..... se aprende a vivir con el.
7. .... se o próximo ano podo estudar unha carreira.
8. Non pode ..... ningunha persoa dentro.

 **ACTIVIDADES.** REPASO CON QUE / CONQUE

 Escribe a forma que corresponda na liña de puntos:

1. .... vestido vas saír hoxe?
2. Preguntaches ..... carné podemos entrar a ese sitio?
3. Xa acabei, ..... podemos irnos.
4. Ese é o xesto..... se saúda no teu país.
5. O obxecto ..... me golpeou era moi duro.
6. Estoume esforzando moi pouco, ..... non creo que me  
vaia moi ben no exame.
7. .... queres que te anime? Acabáronse os recursos.
8. Son independente, ..... non necesito a túa axuda.

 **ACTIVIDADES.** REPASO SE NON / SENÓN

 Escribe a forma que corresponda na liña de puntos:

1. .... queres axudarme, non me chames.
2. Ese cadro non é de Tiziano, ..... de Rubens.
3. .... puidera verte, morrería.
4. Ela non estudou Bioloxía, ..... Física e Química.
5. Estás preparada? ..... veño máis tarde.